


O LANZAL

REVISTA ANUAL DO CEIP O POMBAL
CURSO 2009/2010

EDICIÓN ESPECIAL 60 ANIVERSARIO



ÍNDICE

1. Editorial	1
2. Feliz 60 aniversario (infantil 3 anos)	2,3
3. O noso colexio (2º A)	4
4. As aulas (1º A)	5
5. O que máis me gusta do meu cole é... (PT)	6
6. as clases de ed. Física	7
7. Así éramos, así somos (6º A)	8
8. Agora que me vou... ..	9
9. Exposición 60 aniversario(5º A e B)	10,11
10. O que sei de Lavadores (3º A)	12,13,
11. Así vemos nós os monumentos (infantil 4 anos A,B)	14,15
12. Xa sei onde vivo (infantil 5 anos A)	16
13. Poema para o colexio (infantil 5 anos B)	17
14. 60 anos de ensino,uns poucos de inglés	18

CELEBRACIÓNS QUE XA SON TRADICIÓN

15. Día das Letras Galegas (1º B)	19
16. Festa de sta cecilia (aula de música).....	20
17. Entroido (2º B).....	21
18. Relixión.....	22,23
19. Excursións (3º B)	24

NOVOS SERVIZOS E ACTIVIDADES

20.A biblioteca	25
21. Animación a lectura.....	26,27
22. Teatro	28
23. Departamento de Orientación.....	29
24.Rapazadas	30,31
25.ANPA.....	32
26.Gañadores do concurso	33

EDITORIAL

A nosa revista vense publicando dende o ano 1976, hai xa 34 anos, sendo un sinal de identidade do noso centro.

Ao principio chamouse "O'noso xeito", pero na década dos 70 cambiou o nome por "O LANZAL", que significa esvelto, ben formado e de traza elegante.

Do branco e negro foi progresando ata ter unha cuberta en cartolina e en cor. Coa chegada dos ordenadores e a modernidade, pasou a ter abundancia de fotos.

Este é un número moi especial da revista Lanzal. Neste curso O POMBAL cumpre "60 anos", e pretendemos render unha sinxela homenaxe a toda a comunidade educativa que formou parte deste centro e a actual que continúa coa andaina educativa, baixo o noso lema de "EDUCAR PARA A PAZ".



"PARABÉNS POMBAL"

Equipo da redacción da revista.

CARTAS Á REDACCIÓN

Levo dende os 3 anos no colexio. Nunca pensei que tería que deixar aos meus compañeiros, as miñas profesoras, as excursión coas amigas, os xogos do patio, as risas nos teatros e moitas cousas máis.

Pero a pesar de todo, o cole será sempre parte de min, vaia onde vaia. Sempre recordarei o colexio posto que pasei case tanto tempo no cole como na miña casa.
(Uxia 6ºB)

O meu colexio resumindo é a miña vida. Nel pasei varios dos mellores momentos da vida. Vou botar de menos todo: os compañeiros, os profesores, os recreos coas súas horas de ler.

(Ricardo 6ºB)

Aprendín moitas cousas novas que me ensinaron como ser mellor persoa

(Adrián 6ºB)

Gustoume moito este colexio. Botarei en falta os profesores, algúns amigos, o colexio e sobre todo a pista. Na pista tiveron experiencias magníficas cos meus compañeiros que me trataron moi ben, xogando ao fútbol.

(Estevo 6ºB)



ANIVERSARIO!!



DE 3 ANOS

O NOSO COLEXIO

2º A



LETICIA DE OLIVEIRA SILVA



ZULEMA CARRERA FERNÁNDEZ

AS AULAS 1º A



Quanto a minha aula porque é alegra


LUISA
1º A



Na biblioteca da minha escola.

IRIS
1º A

O que mais me gusta
do meu cole é.....



O que mais me gusta
do meu coleio é a
Ximnasia ~~Vanesa~~ 4-A

O que mais me gusta do
meu coleio é a plástica

Alma 4-B



O que mais me gusta do
meu coleio é a Música
Caterina 4-A



O que mais me gusta do meu
coleio é a lingua.
4-B ISAAC

P.T.

A clase de ed. física



ASÍ ÉRAMOS



ASÍ SOMOS



6ºA

Eu botarei en falta aos mestres que me deron clase. (Celia)

Vou botar en falta os amigos que fixen. (Laura U.)

Botarei de menos ao colexio e aos meus mestres. (Marcos)

Ata sempre, meu Colexio querido, sempre permanecerás na miña memoria. (Xoel M.)

Non esqueceréi os recreos tan interesantes e a moitas persoas. (Sheila)

Recordarei as clases tan divertidas que pasei e aos profesores. (Laura B.)

Faltaranme os amigos dos cursos inferiores. (Kevin)

Botarei de menos aos meus amigos máis pequenos e as miñas clases favoritas. (Patricia)

Non esqueceréi aos amigos e aos mestres. (Jorge)

A min o Colexio aportoume moitas amizades. (Iván F.)

Nunca esqueceréi o colexio. (Alba)

Sempre recordarei con moito cariño este Colexio e aos seus mestres. (Alexandre A.)

Vou botar de menos aos mestres e ao teatro. (Fran)

¡ Ata logo, " O POMBAL " (Iván C.)

A min o Colexio aportoume moitos coñecementos. ¡ Ata sempre! (Nicolás)

AGORA QUE ME VOU... O MEU COLEXIO. 6ºB

Pois o colexio desde que veñen (4º de primaria) gustoume moito.

Ao principio estaba un pouco nerviosa porque non coñecía ninguén pero a miña clase acolleume moi ben.

O edificio vello gustoume moito e é acolledor.

Lorena

O mellor é cando hai festas;no Nadal e entroido pasámolo ben . Os meus compañeiros de clase son un pouco tolos pero son como irmáns meus.

Alba

Eu levo dende os tres anos neste colexio, e teño moitos recordos para contar.

Sempre tiveron moitos amigos pero hai dous que son os mellores Anxo e Samuel, levo con eles dende os tres anos e sempre fomos amigos.

Tiveron moitos profesores, e todos moi bos, algún máis ca outro.

Daniel

Ao longo destes anos pasaron por meu colexio tantos profesores como compañeiros de pupitre . Algúns dos meus compañeiros de pupitre fóronse a outros colexios, como Daniel Viñas, e para o seu país de orixe, Igor Pereira. Eu gardo deles gratos recordos.

Botarei en falla as miñas coidadoras Maite, Merchi, Ana, Rosa e Celsa e as súas parrafadas por non comer ben .

Jaime

Este colexio para min representa unha morea de sentimentos e uns recordos inolvidables. O profesor Juan Pedro paréceme un profesor enriquecedor, e como persoa parece exemplar,(aunque todos sabedes que eu son un gran fan do Real Madrid e el é máis do Barça) .

Elvis

Neste momento recordo o ben que o pasei en 5º cando fun ao Museo de Ciencias na cidade da Coruña. Sempre recordarei as profes que me deron clase pero que xa non están no cole, e as que aínda están. Este magosto gustoume máis cos outros anos porque fixemos moitos xogos.

Miriam

O meu colexio é especial porque nel pasei moitísimas experiencias.O primeiro día a profe díxome que sentara onde quixera e eu senteime na mesa das rapazas as que hoxe son as miñas amigas e a hora do recreo xa parecía que nos coñecíamos de toda a vida.

A excursión que máis me gustou foi a da Coruña onde todos o pasamos xenial visitamos o Planetario e o Acuario, deume moita pena que ese día rematase.

Maria

Eu prefería seguir no cole. O meu cole é o mellor. Non só polas persoas que hai estudando e ensinando tamén polas actividades extraescolares, as festas de fin de curso, as excursións coas amigas, polos bailes de fin de curso, despedirse dos compañeiro cando acaba o trimestre e saber que vas volver o trimestre que ven ou o ano que ven. Pero este ano sei que non vou volver ao colexio, por eso dígolle a todos moitas grazas polo tempo que permanecín aquí.

Antía

Teño moitísimos recordos que non caberían nesta folia e gardarei no meu corazón. En preescolar cando chovía víamos uns vídeos dos "teletubbies" , dos "tweenies" e un dun ovo que dicía "aquí te espero comiendo un huevo y un caramelo".

Tamén cando o profe Juan Pedro nos deixaba xogar ao fútbol, e el quedaba de porteiro.

Anxo

O colexio paréceme xenial. Uns profesores son mellores ca outros, pero encántame.

Santiago


EXPOSICIÓN 60 ANIVERSARIO

Nós somos alumn@s do colexio "O Pombal", o primeiro colexio público graduado de todo Vigo.
Inaugurouse no ano 1949 no mes de setembro.




Usábamos o pizarrín. Que Brasil era!
E escribíamos con tiza.

Cando eramos maiores empezamos a usar a pluma de mollas, pero que era moito mellor co pizarrín, aínda que os botóns eran un grande problema.



Se tiñamos un libro para todas as asinaturas, por iso pesaban tan pouco os nosos maletíns.



Ademais, traballamos en tres tipos de cadernos. O de rotación, onde escribiamos todos, o de caligrafía, para mellorar na nosa escritura, e o caderno en limpo, onde escribiamos á pluma os traballos de todo o curso, os tiramos preciosos!

En plástica, as nenas facían labores, mentres os nenos facían debuxo lineal.



A nosa profe usaba unha campaña para pedir silencio. Eramos moitísimos menos na aula!

E o mellor de todo, tiñamos unha revista chamada "O noso xeito". Agora chámase "O Lanza", leva trinta e catro anos editándose!

Oxalá que a sigades lendo por moitos anos.



5º A-B

O que sei de LAVADORES:

Texto redactado polo alumnado de 3º A.

Antes foi un concello independente durante 104 anos. Agora é unha Paróquia. Chamare Lavadores porque tiña moitas fontes, muiños e moita auga. Os camiños eran de barro. O calvario é un barrio de Vigo.



OS EDIFICIOS MÁIS IMPORTANTES SON:



Igrexa de Sta Cristina



O Mercado



O Bazo de Rivera Atienza

AS RÚAS:

As rúas levan nomes de persoas importantes, como Ramón Nieto, Ursáiz, Tenorio de la Fuente (que foi un famoso arquitecto), de alcaldes: Gregorio Espino, Martínez Garrido ou Jesús Fernández... Pero tamén hai co nome de paxaros, cidades...



Parque rúa Bartela



parque Rivera Atienza



Parque de los Picos

Pero o que máis nos gustan son os parques onde podemos Xogar.

PASEA POLO TEU BARRIO E DESCUBRE COUSAS NOVAS!

ASÍ VEMOS NÓS OS MONUMENTOS

4 ANOS A

PORTA DO ATLANTICO



MONUMENTO



MONUMENTO
OS
CABALOS




O SIRENO



MONUMENTO
TRABALLO

O NADADOR




MONUMENTO
PESCADOR



O
CASTRO



ASI VEMOS OS NROS MONUMENTOS



4 ANOS B




O BARRIO:

• O MEU BARRIO É UN ANACUÍÑO DA NOSA CIDADE POLO QUE CAMIÑAMOS DÍA A DÍA, PARA IR Ó COLEXIO, Ó INSTITUTO, A MERCAR, A XOGAR, ... E VOLTA A CASA A XANTAR, A CEAR E A DURMIR... É ONDE MÁIS VIVIMOS.

O MEU BARRIO CHAMASE:

LAVAPORES



OUTROS BARRIOS COLEGEIS DO NOSTRO BARRIO:



E.I. 5 ANOS A



O Pombal

As pombas no pombal

tenham o seu ninho de amor

E no nosso Colégio O Pombal

as pombas somos nós

que o enchemos de paz e amor

5 anos B



Love is all
you need...

UXIO NOVONEYRA
POEMA DE AMOR

Allea a souts e chousas
i a canto de eli se via
allea a areas e lousas
a auga crara corria...

Namorado tiña cousas
cousas que a auga sabía.

Thanks to all
pupils and teachers
who participate in
this book

60

anos de
ensino,
uns
poucos
de
inglés

Paying no attention to groves and fields
or anything that could be seen
unaware of sand or pebbles
the clear water ran...

Who fell in love knew things
things that only the clear water knew.

Irish
Go raibh
agat
maith

Para os nosos
pen pals
irlandeses
preparamos un
libriño de poemas
de Uxio
Novoneyra



4

anos
de
carteo cos
nosos pen
pals

I love these words...

lion

red

Ear

at

parrot

Play tennis

I get up

jeans

reined

chicken

+ hne-e

Kitchen

mum

sausages

yellow

zebra

tree

mouse

CELEBRACIÓNS QUE XA SON TRADICIÓN

LETRAS
GALEGAS 2010
UXIO NOVONRYA





O FIADEIRO

O día de Santa Cecilia, algúns mestres desta asociación visitaron o noso colexio para ensinar e dar a coñecer algúns dos instrumentos galegos e interpretar algúns ritmos e pezas rítmicas. Este curso tamén vivéron as bailarinas e todos participamos movendonos ao ritmo da música. Dous compañeiros do colexio (Iara e Manuel B) tocaron a pandeireta.

Alexia 3-13



UNHA FESTA DE SEMPRE....

Entróido de amores



Os rapazes do primeiro ano de música
diziam que não entráramos no Entróido.
Nós do 2º B saímos moi guapos
na zona. Fomos pelo Colégio,
na zona peonil paseando,
como iamais de Cuzido.
cantamos.

"As frechas
do
AMOR"





NO 60 ANIVERSARIO...

FACEMOS O CAMIÑO DE SANTIAGO

Este ano, o 60 aniversario do cole coincide co Xacobeo 2010.

¿Por qué este ano é Ano Santo?

Pois porque o 25 de Xullo (día do Apóstolo Santiago) coincide en domingo, e son moitos os peregrinos de tódolos países que van a Catedral de Santiago a gañar o Xubileo.



¿Qué hai que facer para gañar o Xubileo?

- ✚ Visitar a tumba do Apóstolo Santiago.
- ✚ Rezar unha oración.
- ✚ Celebrar os sacramentos da Penitencia e Eucaristía.

A Compostela é un documento que certifica a peregrinación a Santiago. Para conseguila, débese mostrar a Credencial, onde se foi selando e poñendo a fecha ao longo do camino, por exemplo dos refuxios onde se durmiu.

Compostelana



Credencial do peregrino



Nós tamén quixemos gañar o Xubileo, polo que @s
alumn@s de 3º fomos a Santiago, pero en tren.



@s nen@s de 5º e 6º fixemos un tramo do Camiño Francés. Saímos de
Arzúa e andivemos 15 Km. Despois os últimos 3 Km (dende San Lázaro) tamén
os fixemos andando e tod@s xunt@s entramos na Catedral de Compostela.

Para saber máis e ver un montón de fotos sobre o Camiño de Santiago,
entrar na páx. Web do cole no apartado das nosas aulas, clase de RE (relixión).

<http://centros.edu.xunta.es/ceipopombal>



Viaxe a Santiago de Compostela 3º B

Imos en tren desde Vigo ata Santiago, a viaxe foi moi longa,
case durou toda hora e media. Cando por fin chegamos ata o noso
destino a estación de Santiago pareceume moi bonita. Collimos un
autobús para ir ao museo da cidade. Ali vimos unhas fotos da catedral
de Santiago, tamen de animais, logo vimos a catedral por fóra
¡E saímos na radio! Despois fomos a comer onde había unha fonte e
compramos cousas. Desgraciadamente chegou a hora de marcharse
cara ó tren. En fin pasamos moi ben.



LENDO DE AMORES

Este curso o lema proposto para traballar dende a Biblioteca foi “Lendo de amores “. Todas as actividades que se propuxeron dende a mesma xiraron arredor desta temática. Destacamos entre todas as seguintes:

- Decoración alusiva ao tema elixido na zona cercana e dentro da mesma Biblioteca.
- Exposición de libros e cousas de namorar: aportacións das familias.
- Agasallo para o Nadal por parte das familias de libros relacionados con esta temática: “Tomás está enamorado” (3º), “Un amor de libro” (4º), “¿Quieres ser el novio de mi hermana?” (5º).
- IV Concurso de Cartas de Amor e Amizade (na que participaron 181 alumn@s)
- Xogo de educación documental: “Cada ovella coa súa parella”.
- Poemas e cancións de amor (orixinais ou non) feitos polo alumnado e expostos na zona central da Biblioteca.



FICHA DEL LIBRO

TITULO: O elefante dunha soa orella

AUTOR/A: X. H. Rivadulla Corcón.

EDITORIAL: Sotelo Blanco

COLECCIÓN: deixada por: Carmen Heruudo

Nº DE PAGINAS: 103 Nº DE CAPITULOS XV EDICIÓN:

ILUSTRADOR/A: Juan Sanmiguel



4ºA e 4ºB

Os nenos/as de 4^ºA e 4^ºB, asistimos a unha animación do libro 'O ELEFANTIÑO DUNHA SOA ORELLA' coa presenza do autor que nos asinou o libro individualmente.

Presentamos a biografía do autor e a ficha técnica do libro que demos.



X.H. Rivadulla Concón: naceu no Barrio coruñés de Monte Alto no 1962.

É escritor de teatro, guións de T.V., poesía e narrativa. Tamén traballou na radio como guionista e locutor. Publica artigos nos xornais: Faro de Vigo, Voz de Galicia, El corneo Gallego.

Obras súas son: O bebe máxico, O seniso de Claudia, Do mar é a noite, O elefantiño dunha soa orela...

NO POMBAL FACEMOS TEATRO. HISTORIA DUNHA COMPAÑÍA

A compañía teatral María Casares, naceu no seo da aula de Audición e Linguaxe, no curso 2000/01, coincidindo coa creación de dita especialidade no Ceip. O Pombal.

Un dos obxectivos fundamentais programados dentro da intervención educativa para a atención a nenos con dificultades na linguaxe oral, é, conquistar por parte dos alumnos un dominio das técnicas expresivas, implicando isto unha mellor e recíproca comunicación e relación entre o neno e o seu entorno.

Partindo desta premisa, as actividades teatrais pasaron a ter prioridade dentro da aula de AL, pois a súa práctica continua, logrou acadar con creces o obxectivo proposto.

Fixéronse representacións, a partires dese ano, tanto no propio colexio, como en outros de Vigo.

Está integrada na rede INTERTEATRO, dende o curso 07/08, na que se intercambian representacións teatrais entre colexios).

Este curso participa nas I XORNADAS DE TEATRO ESCOLAR, organizadas polo Concello de Vigo.

A continuación unha pequena mostra das distintas OBRAS representadas pola COMPAÑÍA INFANTIL DE TEATRO MARÍA CASARES:



"A tía Lambida" Curso 02/03



"Noite de Reis" Curso 04/05



"Vaia lata de Pirata" Curso: 06/07



"A ratiña feroz" Curso 07/08



"A bruxa risiñas" Curso 08/09



"Os vellos non deben namorarse"
Curso 09/10

O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN ESCOLAR ESTÁ DE ESTREA

No colexio temos Departamento de Orientación dende fai varios anos. Neste curso 2009-2010 escomecei con moita ilusión o meu traballo neste departamento. Algúns nenos aínda non me coñecen, entón preséntome. Meu nome é Paulino e ademais da experiencia como mestre son Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación (Especialidade Orientación Escolar), experiencia e saberes cos que desexo asesorar, colaborar e compartir a educación dos nosos ALUMNOS e ALUMNAS. Só me queda agradecer a maravillosa acollida e colaboración que atopei por parte de toda a comunidade educativa dende a miña chegada ó "Pombal". Aproveito tamén a revista para felicitarnos polo noso 60 aniversario e que cumpramos moitos máis, e que eu os vexa.

Este curso desenvolvemos algúns programas de prevención co alumnado e familias e outros programas de mellora co profesorado. A continuación cónctovos un pouco dous dos programas desenvolvidos.

PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS ADICCIÓNS

O Departamento de Orientación Escolar do C.E.I.P. o Pombal en colaboración co Concello de Vigo organizamos uns obradoiros para educar ós nenos na prevención de "drogodependencias e outras adiccións". Os alumnos de 6º participaron activamente nestes obradoiros. Entre todos fixemos xogos para coñecemos mellor. Contamos como usamos o noso tempo libre. En grupos pequenos afrontamos situacións de diálogo e de toma de decisións no grupo. E descubrimos as consecuencias de determinadas actitudes coma a provocación a transgresión de normas, etc. Tamén organizamos outros obradoiros cos pais pola tarde. Durante tres tardes falamos de recursos, estratexias e métodos para educar con límites ós nosos fillos.



PROGRAMA DE FORMACIÓN E ACTUALIZACIÓN DO PROFESORADO.

Nos tempos actuais temos moi claro que o profesorado temos que estar continuamente formándonos para mellorar o rendemento educativo do noso alumnado. Este curso organizamos un proxecto de formación na nosa escola. Neste proxecto participamos ademais do xefe de departamento de Orientación Escolar a maioría do profesorado de Educación Infantil do Colexio do Pombal e da Escola Infantil da Rúa Palencia; así como algún profesorado de Educación Primaria. O título do proxecto foi "A competencia lingüística: taller de expresión oral". Este taller supón o recoñecemento da aula como o mellor espazo para crear ambientes comunicativos que desenroñen a linguaxe, utilizando o xogo como elemento motivador. Pretendemos previr os problemas de linguaxe de moitos nenos e asentarmos as estratexias básicas para o inicio da lectura e a escritura. "As aventuras da familia ZAMAPAMONSTROS" vai ser vivida polo noso alumnado de sorpresa en sorpresa.



RAPAZADAS



Con esta nova sección de anécdotas, pretendemos compartir aquelas "cousas" que teñen os nenos e nenas e fanos sorrir.

Nomes dos profes:

(Juan Pedro): Juan Perro , pofe de gimnaskia

Chelo: Chelou (mestra inglés chelo+hello).

Ed.Infantil.

Preguntas da mestra:

_ Cómo se di goma en inglés?

_ Milán. (clase de inglés)

_ Cal é o óso máis longo do corpo humano?

_ A espiña dorsal ou a espiña do rosál

(2º Primaria)

_ Onde fuches hoxe que chegas tarde, Juan?

_ Fun andando a levar a miña avoa ao hospital, a Pontevedra.

_ Xosé: Non se pode ir andando a Pontevedra porque hai que cruzar a ponte e tes que ir en coche porque eu vou co meu pai en coche.

_ Andrea: Por lo menos tardarás...

;10 días en ir a Pontevedra!

_ Entra outro na conversa: ; Pois a Barcelona tárdase 10h.

(1º Primaria)

_ Por qué non viñeches o luns?

_ Porque pensei que era domingo.

(4º Primaria)

_ Fai unha descrición da túa nai.

"a miña nai é alta ten o pelo longo,...e o que máis lle gusta son os chalés con piscina" (4º primaria)

_ Indica o xénero e número dos seguintes posesivos:

Seus: 2º "equipación do plural.

Miña: 1º "equipación" do singular,...

(3º de primaria)

_ A Terra pódese dividir en...:

_ A terra pódese dividir en 3 partes: presente, pasado e futuro.

(3º de primaria)

Completa: cando as persoas aprenderon a cultivar as terras fixéronse maiores!!

(4º primaria)

Cousas de nenos/as

Alumnado de 1º primaria, rematan a clase de ed. Física e teñen que poñerse a sudadera do chándal.

_ Mestre: Ponte o chándal.

_ Non sei cal é o meu

_ Todos teñen nome menos 2 ou 3, van aparecendo os donos menos un.

_ É este ?

_ Si,... non,... non sei ... porque era coma este pero o meu estaba máis quentiño !!!

Un neno acércase a mestra e dí en voz alta:

_ Profe "átame os tenis"

A Profe con moita paciencia e ensinando normas de conduta dí:

_ Porrrrr!!

E o neno responde :

_ ¡Porque os teño desatados !!!!!!!!!!!!!

(Infantil)

E para rematar un pensamento moi filosófico dun alumno de 1º de primaria.

Qué é o cole?

- O cole é un parque para la mente.



"Un contiño" de O Pombal



abía unha vez, hai xa moitos moitos anos...(tantos coma sumar tres veces xuntos os dedos das mans e os pés)... nun lugar situado nun alto dunha gran cidade, ali onde os vellos dicían que remataban o arco da vella con tódolas súas cores, e onde estaba o fogar das pombas que por ali vivían, tan aprezadas pola xente do lugar

que a aquel sitio lle chamaron O Pombal, como o nome das casañas das súas amigas as pombas... Ali mesmo, enqueuse unha casaña feita en pedra que se convertiu nunha escola, para que os cativos do lugar poideran asistir e aprender moitas cousas cos seus mestres e así gañarlle a batalla ó "trasno da ignorancia",...un tal "Trasnuchó", que era un ser que sempre tentaba que os rapaces non aprenderan nada na escola para que fosen ignorantes e poder así mofarse deles de pequenos e maiores... Tentáboo sempre, tódolos días e a todas horas,... distraendoo, agochandollos libros e cadernos,...era un verdadeiro trasno (e ademais non se levaba moi ben coas pombas, xa que a elas non lles gustaba que amolara ós nenos). Pero gracias á axuda dos mestres, os nenos e nenas aprenderon un montón de cousas moi importantes para seren uns nenos intelixentes, e Trasnuchó,... pasou un loooooongo tempo aburrido vagueando polas rúas da cidade sen poder topar a ninguén de quen se mofar...

Porén, Trasnuchó non se deu por vencido e despois de moito tempo e moitísimos nenos e nenas que aprenderon na escola, atopou un xeito de amolar ós cativos....dicía él..."vaites vaites...se non os podo amolar na escola, tentareino na súa casa, ou no camiño á súa casa...xa que os pais pode que non saiban como gañarme e os mestres non estarán para gañarme ...". Así que Trasnuchó comezou a fedellar cos nenos e nas familias...e conseguiu que moitos nenos estiveran moi distraídos e fallaran na escola, e tanto os mestres coma as familias estiveron preocupadas porque non sabían que lles ocorría ós nenos... Pero gracias as amigas das xentes do lugar, as pombas, descubriron as tretas de Trasnuchó e por iso dende hai tempo (tanto coma casi contar dúas veces xuntas os dedos das mans e os pés, hai 36 anos), as familias xunguíronse ós mestres na escola para poder traballar xuntos e colaborar cos nenos, e así,...poder ter viciado a Trasnuchó para que non sequira facendo das súas...as trasnadas.

É por iso que a ANPA (a Asociación de Nais e Pais) naceu na casaña da escola, e dende entón, coa vixilancia das súas amigas as pombas, e co traballo de tódolos mestres, xuntos tentamos que Trasnuchó non siga amolando...e que os nenos poidan medrar felices e aprendendo moito...

Se algunha vez notades que vos está a amolar Trasnuchó (...esquecédesvos da lección, perdeades os libros e cadernos, distraédesvos moito, estades tristes ou trastes ...), confiade na familia, nos mestres e nas nosas amigas as pombas...e xa veredes coma ó final conseguiremos que Trasnuchó sexa incluso un alumno máis no colexio O POMBAL.

PARABENS para todos por esta grande celebración, pero sobre todo a "esa casaña na que medraron felices moitísimos nenos e nenas....A POR OUTROS 60 ANOS ...E CON TRASNUCHO NA ESCOLA.

**ESTOS FORON OS DEBUXOS
GAÑADORES DO CONCURSO:
“ BUSCAMOS MASCOTAS “**



**I ENHORABOA! :
A XOEL DE 6º DE PRIMARIA E
LUCIA DE ED. INFANTIL 5 ANOS B.**



